



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

NOTIFICACIÓN DE CONVOCATORIA

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, poño no seu coñecemento que o Sr. Alcalde con esta data ditou o seguinte Decreto:

RESOLUCIÓN. Convocatoria sesión ordinaria Pleno.

De acordo co disposto no artigo 80 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e acordo do Pleno da Corporación, no uso das atribucións que me outorga o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985 do 2 de abril en relación co artigo 61.1.c) da Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

1º. Convocar sesión ordinaria do Pleno da Corporación a realizar o próximo día 27 de xuño de 2018, ás 19:30 horas, no salón de sesións da Casa do Concello.

2º. Notifíquese a presente convocatoria a tódolos membros da corporación.

3º. A orde do día constará dos seguintes asuntos:

I. Parte resolutiva:

1. Aprobación si procede de acta de sesión anterior.

2. Expediente modificación de crédito 6/18.

3. Recoñecemento de crédito.

4. Convenio entre o Concello de Cabanas e o Club Juventud de Cabanas.

5. Convenio entre o Concello de Cabanas e o Club KDM.

6. Convenio entre o Concello de Cabanas e Cabanas Rural Asociación de Mulleres.

7. Contratación auxiliar administrativo para Programa Servizos Sociais Comunitarios Municipais financiado pola Deputación Provincial.

8. Contratación educadora familiar a xornada completa para Programa Servizos Sociais Comunitarios Municipais financiado pola Deputación Provincial.

9. Expediente responsabilidade patrimonial execución sentenza o penso 2ª fase

10. Memoria xustificativa e proposta de aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Fene e o concello de Cabanas para o sostemento compartido do Punto Limpo de Vilar do Colo.

11. Modificación do proxecto básico e de execución modificado a cero “Execución sentenza recaída no recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993 do edificio O Penso, 2ª fase, situado entre a estrada da Coruña e o camiño Tras da Vila, no concello de Cabanas”.

12. Modificación contrato para “Execución sentenza recurso contencioso-administrativo 02/0004055/1993 do edificio O Penso, 2ª fase”, asinado en data 7 de agosto de 207 coa empresa adxudicataria Covisam Norte S.L.

13. Ratificación Resolución Alcaldía sobre Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único concellos) POS+2018 Adicional 1/2018.

14. Cumprimento dos compromisos do goberno central con Cabanas. Iniciativa concelleiro do BNG.

II. Parte control órganos Corporación:

15. Informes da Presidencia:

a) Resolucións da Alcaldía.



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

16. Rogos e preguntas.

O acorda e asina o Sr. Alcalde Germán Castrillón Permuy, en Cabanas a vinte e dous de xuño de dous mil dezaioito, do que eu, Antonio López Vila, como Secretario, dou fe.

A partir desta data toda a documentación dos asuntos incluídos na orde do día está a súa disposición na Secretaría do Concello.

O que traslado a Vde. en cumprimento do ordenado da devandita Resolución, indicándolle que de acordo co establecido no artigo 90.2 do mencionado Regulamento, de non existir o quórum necesario esixido no artigo 90.1, entenderase convocada a sesión en segunda convocatoria a realizar a mesma hora dous días despois da sinalada para a primeira.

Cabanas, 22 de xuño de 2018.

O Secretario

Asdo.: Antonio López Vila.



Sras/es. Concelleiras/os do Concello de Cabanas.